

# **PROXECTO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

**CURSO 2010-2011**

**I.E.S. “RÍO CABE”**

**MONFORTE DE LEMOS**

**TIPO DE CENTRO:** IES “Río Cabe”

**ENSINO QUE IMPARTE:**

- ESO
- PCPI. Modalidade C
- Bacharelato
- Ciclo Superior: Guía de información e asistencia turísticas
- Ciclo Superior de Animación a Actividades Físicas e Deportivas
- Ciclo Técnico Deportivo en Fútbol (Grao Medio. Nivel I e Nivel II)
- Adultos:
  - Secundaria Obrigatoria (ESA), presencial.
  - Bacharelato, semipresencial.

**CONTORNO:** nivel social medio, con certa mobilización. O alumnado procede de todos os barrios da cidade de Monforte e, en menor medida, de concellos próximos como O Saviñao, Ferreira ou Sober.

O alumnado de ESO utiliza en gran medida os servizos de transporte e comedor.

Dende hai varios anos funciona o club de lectura *Balbordo*, creado dende a biblioteca do centro que contará este curso con tres grupos de alumnos e outro para profesores e pais.

**ANPA:** maioritariamente galego-falante.

**NÚMERO DE ALUMNADO:** 470 alumnos, aínda pendentes do remate da matrícula en ciclos e ensinanza de adultos.

**NÚMERO DE PROFESORADO:** 51.

**RECURSOS:**

- 3 aulas de informática
- 1 biblioteca con 6 ordenadores de consulta
- 2 pantallas interactivas

- 16 proxectores de vídeo
- 8 ordenadores portátiles.

**PROXECTOS:**

Proxecto PROA, Intercambio con Francia.

Proxecto ABALAR

**ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:**

Durante o curso escolar realízanse numerosas actividades extraescolares, entre as que destacamos pola súa continuidade nos últimos anos as seguintes:

Intercambio con Francia.

Excursión á neve.

Excursión cultural a Madrid.

Á hora de redactar este proxecto, están a programarse as actividades extraescolares do próximo curso polo que aínda carecemos de datos concretos ó respecto.

Este proxecto, elaborado polo Equipo de Normalización Lingüística do Instituto de Ensino Secundario “Río Cabe” en cumprimento do decreto 324/96 polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos Institutos de Secundaria, fixará os obxectivos e as liñas básicas das actividades que serán desenvolvidas por este equipo durante o curso 2010-11.

### **CONSTITUCIÓN DO EQUIPO COORDINADOR**

O Equipo de Normalización Lingüística está formado polos seguintes membros:

#### **PROFESORES:**

Xesús Verao Pérez (Departamento de Lingua Galega)  
Marisa Mariño (Departamento de Francés)  
María Xesús Vila Quiroga (Departamento de Lingua Galega)  
Casto Casanova Rodríguez (Departamento de Inglés)  
Lucía Vázquez Fernández (Departamento de Ciencias)  
Anunciación López Méndez (Departamento de Xeografía e Historia)  
Xurxo Rodríguez Labrador (Departamento de Física e Química)  
Manuel Sánchez Seco (Departamento de Debuxo).

Coordinadora: Ana María Fernández Silva (Departamento de Lingua Galega).

#### **ALUMNOS:**

María Fernández López, 2º BAC  
Gema Campos Prieto, 2º BAC  
Pablo Vila Díaz, 2º BAC  
Laura Irene Álvarez Vázquez , 1º BAC  
Nuria Pérez Camba, 1º BAC  
Diego Pérez Rodríguez, 1º BAC  
Ana Rodríguez Rodríguez, 4º ESO

Lois López Valdés, 4º ESO  
Patricia López Feijoo, 4º ESO  
Marcos Pérez Sánchez, 4º ESO  
Marcos Blanco Costa, 4º ESO  
Cora Williams Cidre, 4º ESO  
David Pérez Rodríguez, 3º ESO  
Saleta Fernández López, 2º ESO  
Fátima Llano Quiroga, 1º ESO  
Lucía Rodríguez Figueiras, 1º ESO

### **PERSOAL NON DOCENTE**

Raquel González Rodríguez

### **OBXECTIVOS XERAIS**

- Poñer de manifesto a realidade lingüística do centro e do concello, procurando a recuperación da lingua.
- Insistir na consideración da lingua como unha ferramenta útil máis alá do ámbito escolar.
- Valorar a lingua galega como unha realidade útil á hora de interactuar co medio social e económico da contorna.
- Promover unha visión afable, moderna e útil da lingua galega que esfarele prexuizos, reforce a súa estima e aumente a súa demanda.
- Estimular actitudes favorables que se traduzan nun uso xeneralizado do galego, superando vellos prexuizos, presións globalizadoras e inercias negativas.
- Valorar, dignificar e prestixiar a lingua galega entre tódolos membros da comunidade educativa.
- Potenciar o uso do galego nas diversas actividades do centro.

## **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

-Intentaremos potenciar o uso da lingua galega en tódolos ámbitos da comunidade educativa implicando a todos os seus membros. .

-Seguir axudando para que a documentación escrita, dixital e visual do centro estea en galego: documentación administrativa, rotulación de carteis, avisos, comunicacións ás familias, páxina web ...

-Tentar avanzar no proceso normalizador do uso oral da lingua nas actividades e actos públicos que se realicen na nosa comunidade educativa: presentación do curso, titorías, graduación de fin de curso, reunións cos pais, etc.

-Fomentar entre a mocidade os valores funcionais, identitarios e diferenciais da lingua galega.

-Garantir unha oferta de materiais didácticos de calidade e en soportes diversos que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe, que axuden a percibir a utilidade da lingua e que capaciten para o seu uso correcto e eficaz.

-Promover plans de lectura mediante técnicas de animación na biblioteca do centro e nas aulas, aproveitando o protagonismo social que acadou nas últimas décadas a literatura infantil e xuvenil en lingua galega.

-Informar sobre os recursos existentes para o ensino-aprendizaxe do galego e en galego (especialmente en CD e na Rede).

-Mellorar as competencias lingüísticas activas e pasivas entre o alumnado, profesorado e persoal non docente, proporcionándolles o asesoramento e o material necesarios.

-Incrementar a difusión de bibliografía en galego nas diferentes áreas

-Fomentar todo tipo de creatividade de base en galego, como forma lúdica de galeguización e de creación de mercado cultural.

-Facilitar a integración daquel alumnado exento de avaliación final de lingua galega mediante adaptacións curriculares e tarefas de apoio conforme ao disposto no decreto 79/1 994 e na orde do 30 de xuño de 1994 que o desenvolve. Igualmente procurar material axeitado para aqueles alumnos estranxeiros que non teñen dereito á exención en Lingua Galega (3º e 4º ESO).

-Que a lingua sexa vista como algo vivo e en evolución, mediante a valoración da lingua e da cultura galegas..

## **PROXECTO DO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN**

### **LINGÜÍSTICA PARA A**

### **POTENCIACIÓN DO USO DO GALEGO NO ENSINO DURANTE O**

### **CURSO 2010-2011**

-Ofrecerase a posibilidade de incorporarse ao equipo de Coordinación para a potenciación do galego no ensino aos profesores que desexen dar as súas clases en lingua galega ou teñan textos neste idioma para facilitarlles o seu labor. Poderán participar no ENDL os membros do alumnado interesados en organizar actividades que fomenten a normalización do galego ou en colaborar coas que xa se están levando a cabo.

-Colaboraremos con todos os profesores interesados en impartir as súas aulas en lingua galega corrixindo textos, facilitándolles información bibliográfica e xestionando a adquisición de material didáctico en galego, tal e como xa vimos facendo estes anos.

-Implicarémonos no proxecto de biblioteca escolar no que está a participar o centro tanto para a formación de usuarios, como para o desenvolvemento de actividades relacionadas coa animación á lectura ou as técnicas de comprensión lectora, sempre en galego.

-Continuaremos coa exposición de chistes, artigos, carteis, estatísticas e todo tipo de material publicado na prensa ou creado polos propios alumnos, nos que se reflicte a situación actual do uso do galego. A exposición farase durante todo o curso nun taboleiro destinado a tal fin situado en lugar ben visible.

-Colaboraremos con todo tipo de actividades culturais, como facilitar a asistencia a obras de teatro, cine ou conferencias que fomenten a normalización do galego.

-Seguiremos informando aos alumnos dos certames literarios que se convoquen no centro e fóra do centro, e animarémolos a participar neles.

-Coordinaremos a realización da revista do centro corrixindo os traballos que presenten os alumnos, fomentando dende as aulas (para o que solicitamos a colaboración do Departamento de Lingua e Literatura Galegas) a creación de traballos, artigos de opinión, entrevistas, relatos, poesía, cómics, enquisas, etc. Tamén nos ocuparemos da coordinación dos grupos de traballo que se formen, da selección do material, da maquetación, impresión e distribución da devandita revista ...

-Seguirán á disposición do profesorado as tarxetas do xogo didáctico elaborado durante o curso 2002-2003 para que o utilicen nas aulas e, tanto alumnos como profesores, nos fagan as suxestións que consideren oportunas. Segundo as opinións recollidas, estudaremos a conveniencia de ampliálo.

En todo caso, esperamos contar coas ideas e a creatividade dos alumnos que seguramente nos farán novas propostas.

-O Departamento de Galego estará tamén á disposición dos alumnos exentos



para asesoralos en canto a material de consulta ou resolución de dúbidas para facilita-la integración sen problemas destes alumnos na disciplina de galego, así como nas outras que sexan explicadas nesta lingua.

-Tentaremos organizar actividades que fomenten o coñecemento e a difusión da lingua e da cultura galegas nas súas distintas dimensións literaria, etnográfica, artística...

-Potenciaremos a adquisición de material didáctico, fonográfico e informático en galego, adecuando aos tempos actuais. Procuraremos satisfacer as demandas dos profesores que imparten as súas aulas en lingua galega e facilitarlles a bibliografía e o material didáctico que precisen.

-Manterémonos en contacto coa Mesa pola Normalización lingüística e co ILGA, dado que son organismos que perseguen os mesmos fins ca nós.

## **SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO**

Por falta de tempo, pois debemos enviar este proxecto poucos días despois do inicio das aulas. limitámonos a realizar unha breve enquisa entre o alumnado de BAC sobre o seu uso do galego. Tal e como era esperable a partir da nosa experiencia na aula, comprobamos que a maioría do alumnado é castelán falante. O 25% afirma que o galego é a lingua habitual que se fala nas súas casas fronte ó 53% que sosteñen que se fala castelán. Un 22% utiliza ámbalas dúas linguas.

Á pregunta de cal é a “lingua de comunicación dos pais entre si”, o 31% di que o galego, un 53%, o castelán e o 26%, as dúas.

A porcentaxe de uso do galego descende cando preguntamos pola “lingua de comunicación pais-fillos”. 25% afirma que usan o galego, un 54% di utilizar o castelán e o 21% emprega as dúas.

Cando preguntamos pola “lingua habitual do alumnado no instituto” os resultados amosan un descenso preocupante do uso do galego pois só un 5% do alumnado

afirma utilizar o galego, fronte a un 70% que fala en castelán e un 22% que manifesta usar os dous idiomas.

Finalmente, os resultados tamén son moi inquietantes no que se refire á “lingua habitual de uso en sociedade” que realizan: só o 5% manifesta falar en galego, un 56% fala en castelán e un 39%, nas dúas.

Aínda sabendo que os resultados desta enquisa non son absolutamente fiables, cremos que reflicten a situación real ou aproximada de uso da lingua. Hai que ter en conta que este centro se nutre de alumnado procedente da zona urbana, case na súa gran maioría. Aínda que predominan os castelán falantes, hai un grupo significativo de alumnos galegofalantes, dos cales unha parte conservan o uso da lingua en tódalas situacións mentres que outros abandonan a lingua inicial ó saír da casa. Desafortunadamente, constatamos que o centro e a sociedade en xeral actúan como axentes castelanizadores.

Así e todo, e agás en casos contados, a actitude cara á nosa lingua soe ser positiva. Todos valoran a importancia da lingua como sinal de identidade, aínda que despois os seus hábitos lingüísticos sexan ben distintos.

Verbo do profesorado, no centro cúmprese o marcado na Lei de Normalización Lingüística no tocante a impartir as clases en galego. En moitos grupos, sobre todo en Bacharelato, están a darse a maioría das aulas en galego, agás as linguas estranxeiras. A lingua habitual fóra das aulas, por exemplo, na sala de profesores ou na cafetería do centro tamén soe ser a galega. Nos claustros predomina o uso do galego.

Respecto da ANPA tamén a lingua predominante é o galego, tanto nos comunicados escritos como orais.

A lingua galega está normalizada no tocante a documentación administrativa, no rotulado do centro, notas informativas, cualificacións, actividades extraescolares, etc.

Como vemos, falta por lograr un proceso de clara expansión da socialización da lingua galega como algo natural por parte do alumnado e profesorado. Tamén falta por lograr unha clara proxección das actividades realizadas no centro cara ó exterior.

Somos conscientes da importancia da inmersión nas novas tecnoloxías. A maioría das actividades realizadas implicarán a utilización en maior ou menor medida destas ferramentas, que contribuirán a probar que o galego é unha lingua con futuro. Ás actividades realizadas daremoslle difusión na páxina web do centro <http://centros.edu.xunta.es/iesriocabe/>

## **CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO**

### **OBXECTIVOS:**

- Aumentar progresivamente o uso do galego no centro.
- Fomentar unha actitude positiva cara ó galego desterrando vellos prexuizos sobre a valoración da lingua.
- Incidir mediante a argumentación no contorno familiar, ANPA e organizacións sindicais.
- Contribuír á galeguización dos espazos de ocio da mocidade.
- Impulsar o traballo colaborativo entre diferentes centros.

### **ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN:**

- Compilación e distribución de recursos galeguizados (tipos de dicionarios, tradutores, gramáticas, correctores...).
- Organizar unha campaña na que os alumnos, en colaboración coas súas

familias, recollan contos ou lendas, tradicións, xogos... dos seus avós. Pretendemos promover o contacto entre a xente maior e o colectivo xuvenil e fomentar o uso do galego entre os máis novos botando man dos que o falan, os máis maiores.

-Atender todas as demandas e propostas de normalización da lingua vidas doutros organismos ou institucións como o Concello.

-Pediremos a algúns grupos de alumnos de BAC que graven un vídeo sobre temas relacionados co contorno da nosa cidade. Contarán co asesoramento e a colaboración do Departamento de Ciencias.

-Estaremos dispostos a colaborar coas actividades ofertadas pola Mesa pola Normalización Lingüística. Para isto estaremos en contacto co responsable desta zona, Andrés Gómez.

## **SITUACIÓN DO PROFESORADO**

### **OBXECTIVOS:**

-Intentar lograr un coñecemento oral e escrito fluído en galego en todo o profesorado do centro.

-Intentar que o profesorado cumpra un papel de modelo de referencia lingüística para o alumnado.

-Intentar a incorporación de novo profesorado á práctica lingüística en galego.

## **ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN:**

-Ampliar unha biblioteca específica para o profesorado: guías de planificación lingüística, léxico específico, dicionarios de dúbidas, de sinónimos, de frases feitas, de castelán-galego, etc. Esta biblioteca estaría situada na sala de profesores para facilitar a súa utilización en calquera momento do día.

-Procuraremos asegurarnos do emprego do galego nas actividades extraescolares nas que participe o profesorado.

-Estaremos dispostos a satisfacer as demandas do profesorado que imparta as súas aulas en galego e facilitarlles bibliografía e o material didáctico que precisen. Axudaremos na reciclaxe e posta ao día do profesorado, tanto nos aspectos referidos á competencia xeral na lingua como á competencia específica nos aspectos lingüísticos da materia que imparten.

## **SITUACIÓN DO ALUMNADO**

### **OBXECTIVOS:**

-Conseguir que os alumnos galego-falantes consoliden unha competencia plena na súa lingua e non abandonen o seu uso, sobre todo na práctica oral.

-Conseguir que os alumnos castelán-falantes desterren os prexuízos para a utilización do galego, con especial atendendo á oralidade.

-Adquirir unha boa competencia en galego, que repercuta de forma favorable no seu uso.

## **ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN:**

### **1. Magosto.**

Realizaremos un magosto a finais de outubro cos alumnos de 1º de BAC. Esta actividade tense realizado anteriormente en colaboración do departamento de Inglés e, ademais do seu interese intrínseco, resultou moi interesante pois contribúe a que os alumnos e alumnas deste curso, que proceden en boa parte doutros centros educativos da cidade, se coñezan e integren.

### **2. Concurso de caligramas e textos icono-verbais.**

En colaboración de departamento de Plástica, convocaremos un concurso destinado ó alumnado de ESO.

### **3. Concurso de videopoemas,** no que poderán participar todos os alumnos, e mesmo pais.

### **4. Contrataremos a *Tropa de trapo*, contacontos e obradoiro.**

Está dirixido aos alumnos de bacharelato con contos que falan doutras culturas e acompañamento musical en directo tamén de diferentes culturas. Sería unha proposta de traballo conxunto entre os Departamentos de Lingua Galega, Lingua Castelá, Música e Normalización Lingüística.

### **5. Visita ao Centro do Viño cos alumnos de 3º ESO.**

Neste centro un guía poñerá aos alumnos en contacto non só coa cultura da vendima e do viño, senón con outro tipo de aspectos como a xeografía, léxico relativo a traballos agrícolas, outros traballos da zona...

### **6. Concurso de regueifas para o segundo ciclo da ESO en colaboración co departamento de Música.**

### **7. Día da muller traballadora.**

Celebrarémolo cunha exposición de carteis, textos, fotos, debuxos de mulleres

galegas que destacaran nalgún ámbito da nosa cultura.

#### **8. Día do amor.**

“Empapelaremos” o centro con poemas de amor de todo tipo impresos en cartolinas vermellas de todo tipo.

#### **9. Concurso de narración e poesía.**

Convocaremos, en colaboración co Departamento de Lingua e Literatura Galegas, un concurso de narración e poesía que coincidirá co Día das Letras Galegas.

#### **10. Vídeos**

Gravar unha serie de vídeos relativos a traballos propios desta zona: a vendima, o magosto...

#### **11. Exposición de fotografías**

realizadas polo alumnado que recollan facetas da nosa realidade. As máis orixinais e de maior calidade recibirían un premio.

#### **12. Tradución de cartas de restaurantes.**

Propoñeremos a algúns restaurantes de Monforte ou doutras localidades do concello a tradución das súas cartas ó galego.

Con esta actividade pretendemos fomentar a presenza da lingua fóra do ámbito educativo, en espazos dos que moi a miúdo está ausente na nosa cidade.

#### **13. Semana da tradición oral.**

Pedirase ó alumnado da ESO que recollan lendas, contos e canto material de tradición oral poidan subministrarlle os maiores.

#### **14. Excursión a Santiago de Compostela.**

Visitaremos co alumnado de 3º da ESO os tellados da catedral, ó Valedor do Pobo, intentaremos asistir a unha sesión do Parlamento e visitaremos o pazo de Oca. Para iso contaremos coa colaboración dos departamentos de

Xeografía e Historia e de Bioloxía.

### **15.Excursión a Portugal.**

Intentaremos facer unha excursión a Portugal, en colaboración cos Departamento de Lingua e Literatura Galegas.e de Xeografía e Historia. Queremos que o noso alumnado entre en contacto cos nosos veciños e poida vivir novas experiencias lingüísticas.

### **16.Revista Nós Mesmos.**

Publicaremos un número máis da revista do centro *Nós mesmos*. Nesta revista participa todo o alumnado: creación de traballos, artigos de opinión, entrevistas, relatos, poesía... Tamén nos ocuparemos da coordinación dos grupos de traballo que se formen. Pretendemos que o alumnado vexa a escrita como unha saída á súa creatividade, como un xeito de realizarse e de pasalo ben.

### **17.Actividades culturais.**

Colaboraremos con todo tipo de actividades culturais, como facilitar a asistencia a obras de teatro, cine ou conferencias que fomenten a normalización do galego.

### **18.Certames literarios.**

Informaremos ao alumnado dos certames literarios que se convoquen e animarémolos a participar neles.

### **19.Club de Lectura.**

Intentaremos que o alumnado participe no Club de Lectura, actividade da Biblioteca escolar, na que se propón a lectura dun libro. Animarémolos a que fagan os seus comentarios e os colguen no blog da biblioteca, sempre utilizando o galego. Igualmente implicarémonos no desenvolvemento de actividades relacionadas coa animación á lectura ou ás técnicas de comprensión lectora.

### **20.Charlas de escritores.**



Intentaremos contactar e traer a varios escritores galegos. Neste momento non podemos precisar cales nin cantos serán pois estamos en proceso de decidir, en diálogo permanente coa coordinadora da biblioteca do centro e co departamento de Lingua e Literatura Galegas, as escollas máis adecuadas. Gustaríanos contar con escritores monfortinos tales como Manuel Veiga, Xabier Quiroga, Carlos Quiroga, Antón Lopo, Teresa Moure, etc. cos que intentaremos contactar.

### **21. Charla da Mesa pola Normalización.**

Poñerémonos en contacto coa Mesa pola Normalización para intentar que algún dos seus membros dea unha charla ó noso alumnado sobre aspectos da normalización da lingua.

### **22. Carteis con dificultades ortográficas.**

Continuaremos coa elaboración de carteis con palabras que presenten dificultades ortográficas. Estes carteis xa foron colocados o curso anterior nas aulas de 3º ESO. Este ano farémolo nas de 2º ESO.

### **23. Páxina web .**

Todas as actividades que o permitan, así como textos informativos, serán colgados na páxina web do centro, no apartado reservado para Normalización Lingüística. O enderezo é: **[centros.edu.xunta.es/iesriocabe](http://centros.edu.xunta.es/iesriocabe)**.

## **AMBIENTALIDADE LINGÜÍSTICA**

### **OBXECTIVOS**

-Seguiremos velando polo uso da lingua galega en todo tipo de carteis, rotulación, avisos, menús do comedor, etc.

### **ACTIVIDADES DINAMIZADORAS**

-Estaremos a disposición de todo o profesorado, equipo directivo ou persoal non docente para informar, traducir ou corrixir todo tipo de textos.

**CADRO RESUMO. RESPONSABLE ENDL: Ana María Fernández Silva**

<b>PROXECTO DE NORMALIZACIÓN: 2010-2011</b>				
<b>Temporalización</b>		<b>Tipo de actividade</b>	<b>Destinatario</b>	<b>Orzamento</b>
1º trimestre	ENDL, responsable biblioteca	Adquisición de material de consulta para a biblioteca, variado, e de lecer.	Profesorado	300€
1º trimestre	ENDL, departamento de Plástica	Agasallos concurso de caligramas	Alumnado	100€
1º trimestre	ENDL, departamento de Plástica	Concurso de videopoemas	Alumnado	100€
1º trimestre	ENDL	Contacontos máis obradoiro	Alumnado	350€
1º trimestre	ENDL, departamento de Xeografía e Historia	Visita ao Museo do Viño	Alumnado	80€
2º trimestre	ENDL, departamento de Música	Concurso de regueifas	Alumnado	100€
2º trimestre	ENDL, departamento de Lingua e Literatura Galegas	Día da Muller traballadora: Día do amor: Material vario: cartolinas, material fotográfico...	Alumnado	50€
3º trimestre	ENDL, departamento de Lingua e Literatura Galegas	Agasallos concurso narrativa, poesía	Alumnado	100€
3º trimestre	ENLD, responsable da biblioteca, departamento de Lingua Galega	Realización de vídeos	Alumnado	50€
3º trimestre	ENDL, departamento de Plástica	Exposición e concurso de fotos	Alumnado, pais	50€
Todo o curso	ENDL coa	Revista	Alumnado,	600€

	colaboración de distintos departamentos		profesorado, pais	
Todo o curso	ENDL, responsable biblioteca	Charlas diferentes escritores galegos	Alumnado	250€
TOTAL				2130 €

Monforte

de Lemos, 28 de setembro de 2010

A coordinadora

O director